

## Formación profesional

# Adaptación na programación para a finalización do curso 2019-2020

### Centro educativo

Código	Centro	Curso académico
15005257	RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL	2019-2020

### Ciclo formativo

Código	Nome
CMCOM01	ACTIVIDADES COMERCIAIS

### Módulo profesional

Código	Nome
	COMERCIO ELECTRÓNICO

### Alumnado

Réxime	Modalidade	Grupo
XERAL - ORDINARIO	PRESENCIAL	2ºA - 2ºB

Docente (se procede, indicar o nome e os apelidos)

Nome e apelidos
M <sup>a</sup> JOSEFA BLANCO/ BELÉN RODRÍGUEZ

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020, nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.



## 1. Criterios de avaliación do terceiro trimestre afectados (por cada unidade didáctica)

### 1.1 Identificación da unidade didáctica

Nº	Unidade didáctica			
	Dado que se trata de 2º xa está impartido e non se evalúa.			
Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Imprescindible (si, non)	Desenvolveras e neste curso (si, non)	Instrumento de avaliación
▪	▪			
▪	▪			
▪	▪			
▪	▪			

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos exigibles:

- Manexo de ferramentas útiles para a creación de páxinas web e creación duna tenda en liña.
- Participación nas redes sociais elixidas (fotografía, edición, publicación)
- Creación duna páxina web
- Creación duna tenda en liña con unha plataforma de creación de páxinas web gratuita. Alta de productos e xestión de vendas.

Os alumnos serán cualificados do un ao dez e a nota final será o resultado do traballo individual. Corresponde esta nota as probas de avaliación escrita e as prácticas dos exercicios, proxectos, exposicións nas clases e traballos individuais ou en equipo. Esta parte avaliarase de acordo cos seguintes criterios:

- \* 50%: Nota das probas da avaliación escrita. \* 50%: Corrección das prácticas entregadas en soporte de papel ou informático que se indiquen. A valoración desta proba farase de acordó aos seguintes criterios:
- \* 25% Corrección técnica da práctica.



\* 25%: Interese e esforzo do alumno na realización da práctica proposta. Os criterios a valorar serán:

- Comeza de contado coa actividade proposta (CA) - Pon interese na axeitada execución (PI)
- Ten iniciativas novas e creativas en relación ao traballo proposto (TC)
- Termina a actividade no prazo indicado (TP)
- Ten tempo a facer actividades extras dirixidas a profundizar nos contidos. (TE)

Para a nota da avaliación, farase a media de todas as notas valoradas coa ponderación sinalada, requeriéndose que se acaden polo menos un catro sobre unha valoración de 10 nas probas de avaliación escrita e un catro sobre 10 nas prácticas. O redondeo para obter as notas enteiras será: os decimais menores de cinco á baixa do número enteiro máis próximo. Os decimais iguais ou superiores a cinco á alza. Os alumnos que non acaden o cinco terán que facer unha recuperación, ben en forma de exame ou de práctica. Para aprobar o módulo será necesario aprobar todas as avaliacións.

**6. Procedemento para a recuperación das partes non supera** Criterios de avaliación imprescindibles (por cada unidade didáctica)

Nº		Unidade didáctica		
1		O marketing dixital		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
		<ul style="list-style-type: none"> <li>RA1 - Aplica as directrices do plan de márketing dixital da empresa, participando na súa execución e na súa sustentación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA1.1 Examináronse as características xerais e particulares dun plan de márketing dixital capaz de alcanzar os obxectivos comerciais da empresa</li> <li>CA1.2 Executáronse os procesos de posicionamento e márketing en liña</li> <li>CA1.3 Executáronse os procesos de publicidade e promoción en liña axustados á normativa legal</li> <li>CA1.4 Identificáronse os elementos que configuran o márketing de buscadores</li> <li>CA1.6 Xestionáronse electronicamente as relacións coa clientela, definindo o programa de fidelización e as ferramentas que se vaian utilizar</li> <li>CA1.7 Recoñecéronse as novas tendencias de comunicación e relación coa clientela no márketing dixital</li> </ul>	OU-Exercicios e práctica correspondente as distintas unidades didácticas do módulo a través da aula virtual
Nº		Unidade didáctica		
2		O entorno web 2.0		
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
		<ul style="list-style-type: none"> <li>RA1 - Aplica as directrices do plan de márketing dixital da empresa, participando na súa execución e na súa sustentación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA1.5 Avaliáronse os desafíos do márketing electrónico: confianza nos medios de pagamento, problemas loxísticos e seguridade</li> </ul>	OU-Exercicios e práctica correspondente as distintas unidades didácticas do módulo a través da aula virtual

		<ul style="list-style-type: none"> <li>RA4 - Utiliza contornos de traballo dirixidos ao usuario final (Web 2.0), integrando ferramentas informáticas e recursos de internet</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA4.1 Definíronse os modelos e funcionalidades Web 2.0. existentes na rede</li> <li>CA4.2 Utilizáronse os recursos gratuítos e libres incluídos nos sitios Web 2.0 OU</li> <li>CA4.3 Aplicáronse os resultados obtidos no contorno Web 2.0 mediante a información proporcionada polas persoas usuarias</li> <li>CA4.4 Realizáronse as tarefas necesarias para que a empresa estea presente, ademais de no seu propio sitio web, en buscadores, redes sociais, blogs, chats, foros, etc</li> <li>CA4.5 Seleccionáronse as accións necesarias para integrar o comercio electrónico con funcionalidades propias da Web 2.0</li> </ul>	
<b>Nº</b>	<b>Unidade didáctica</b>			
3	As redes sociais e a súa utilidade para o comerci			
<b>1ª aval.</b>	<b>2ª aval.</b>	<b>Resultado de aprendizaxe</b>	<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Instrumento de avaliación</b>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>RA3 - Establece foros de comunicación entre persoas usuarias, utilizando as redes sociais de ámbito empresarial</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA3.1 Utilizáronse programas web para manter cversas de texto</li> <li>CA3.2 Manexáronse aplicacións de mensaxaría instantánea</li> <li>CA3.3 Aplicáronse sistemas de comunicación oral que utilizan só son, ou son e imaxe</li> <li>CA3.4 Propuxéronse temas de contido profesional a través de blogs temáticos</li> <li>CA3.5 Establecéronse contactos sobre temas concretos a través de blogs temáticos de contido profesional</li> <li>CA3.6 Efectuáronse comunicacións, publicidade e vendas con outras persoas usuarias da rede a través de redes sociais</li> <li>CA3.7 Xeráronse contidos audiovisuais e fotográficos da actividade, produtos e procesos comerciais</li> </ul>	OU-Exercicios e práctica correspondente as distintas unidades didácticas do módulo a través da aula virtual
<b>Nº</b>	<b>Unidade didáctica</b>			
4	A web corporativa			

1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
		<ul style="list-style-type: none"> <li>RA2 - Realiza o mantemento da páxina web corporativa, a tenda electrónica e o catálogo en liña, utilizando aplicacións informáticas e linguaxes específicas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA2.1 Redactáronse sentencias en linguaxe de etiquetas de hipertexto (HTML)</li> <li>CA2.2 Utilizáronse programas comerciais para crear os ficheiros que compoñen as páxinas web.</li> <li>CA2.3 Rexistrouse o enderezo de páxinas web con dominio propio ou con aloxamento gratuíto.</li> <li>CA2.4 Enviáronse os ficheiros web creados ao servidor de internet mediante programas especializados nesta tarefa</li> <li>CA2.5 Utilizáronse programas específicos de inclusión de textos, imaxes e son</li> <li>CA2.6 Construíuse unha páxina web eficiente para o comercio electrónico</li> <li>CA2.7 Incluíronse na web ligazóns de interese capaces de xerar tráfico orientado e interesado no que se ofrece</li> </ul>	OU-Exercicios e práctica correspondente as distintas unidades didácticas do módulo a través da aula virtual
Nº	Unidade didáctica			
5	Os modelos de negocio existentes na rede			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
		<ul style="list-style-type: none"> <li>RA1 - Realiza as accións necesarias para efectuar vendas en liña, aplicando as políticas de comercio electrónico definidas pola empresa</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA1.1 Establecéronse os parámetros necesarios para crear ou adaptar un negocio en liña</li> <li>CA1.2 Definíronse accións de captación de clientela enfocadas ao comercio electrónico</li> <li>CA1.3 Identificáronse os modelos de negocio convencionais e electrónicos existentes na rede</li> </ul>	OU-Exercicios e práctica correspondente as distintas unidades didácticas do módulo a través da aula virtual
Nº	Unidade didáctica			
6	Deseño, planificación e xestión dunha tenda virtual			
1ª aval.	2ª aval.	Resultado de aprendizaxe	Criterio de avaliación	Instrumento de avaliación
		<ul style="list-style-type: none"> <li>RA1 - Realiza as accións necesarias para efectuar vendas en liña, aplicando as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CA1.4 Deseñouse unha tenda virtual</li> </ul>	OU-Exercicios e práctica correspondente as distintas unidades didácticas do módulo a

	políticas de comercio electrónico definidas pola empresa	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA1.5 Planificouse a xestión dos pedidos recibidos e todo o proceso loxístico</li> <li>▪ CA1.6 Establecéronse os medios de pagamento que se vaian utilizar</li> <li>▪ CA1.7 Seleccionáronse os sistemas de seguridade que garantan a privacidade e a invulnerabilidade das operacións</li> </ul>	tavés da aula virtual
--	--	---	-----------------------

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que non acaden os obxectivos nas avaliacións ordinarias terán dereito a un exame de recuperación de carácter teórico práctico, cos mesmos criterios que nas probas ordinarias. En xaneiro para recuperar a primeira avaliación e en marzo para recuperar a segunda. No caso de ser necesario poden deseñarse novas actividades con tarefas de reforzo que axuden ao alumno a comprender mellor a materia ou a superar os criterios de avaliación. As probas de cada recuperación serán similares ás de avaliación, pero axústándose mais os mínimos esixibles.

Ao tratarse dun ensino post obrigatorio o traballo, esforzo e compromiso do alumnado é un requisito imprescindible, polo que á hora de falar de actividades de recuperación, partimos do feito de que o alumno/a comportouse axeitadamente, participou de maneira positiva e intentou acadar os criterios de avaliación.

A nota máxima de recuperación establécese nun sete, para promover o traballo constante durante o curso, sendo necesario obter un mínimo de cinco sobre dez para superala.

Debido á situación extraordinaria polo COVID-19 no se imparten clases presenciais de recuperación se non que se fará un seguemento personalizado ao alumnado con módulos non superados. Tendo en conta as circunstancias que influíron nese resultado negativo establécense novas datas de presentación de tarefas co acompañamento virtual aos alumnos na realización das diversas actividades relacionadas cos resultados de aprendizaxe non superados.

Para aqueles alumnos que non superen o módulo de Comercio Electrónico, en xuño, realizarase un informe de avaliación individualizado, no que consten as actividades a realizar para a recuperación do módulo ao longo do curso seguinte.

As actividades de recuperación que se realizarán teñen en conta a situación de cada alumno de forma individualizada, así como as competencias que debe mellorar en cada caso. O alumnado realiza tarefas como as seguintes:

- Pequenos traballos de investigación, resumos, comentarios, casos prácticos (exercicios e problemas).
- Presentacións sobre a materia utilizando recursos TIC.

Os aspectos susceptibles de seren valorados son os seguintes:

- Puntualidade na entrega.
- A corrección tanto na forma coma no fondo, é dicir, tanto a utilización correcta das normas ortográficas como na presentación ademais dos contidos teóricos aplicados e a súa plasmación práctica.
- Cumprimento das pautas marcadas.
- Redacción elaborada polo propio alumno ou alumna.
- Coherencia interna do discurso e da exposición.

A valoración destas actividades poderá ser numérica ou non. Dado que se trata dun proceso de avaliación continua, terase en conta a evolución positiva e a constancia no traballo desenvolvido manifestadas ao longo do curso, tanto presencial como virtualmente. As actividades de recuperación serán realizadas polo alumnado ou ben a ordenador ou ben manuscritas e serán remitidas pola canle que se determine en cada caso ( correo electrónico, aula virtual ou outros medios)





Aquel alumnado que non realice as actividades de recuperación programadas ou que as realice de forma incorrecta ou insuficiente, poderá presentarse a un exame, que será presencial no centro ou telemático, dependendo do que aconsellen as circunstancias sanitarias.

#### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

A avaliación ten un carácter continuo, pero o alumnado que perda o dereito á avaliación continua na modalidade presencial terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final do módulo. O número de faltas que implican a perda do dereito á avaliación continua será do 10% con respecto a duración total do módulo. Para determinar a perda do dereito á avaliación continua o profesorado poderá valorar as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no regulamento de réxime interior do centro. O alumnado con perda do dereito a avaliación continua terá que realizar unha proba de toda a materia, que permita a demostración de adquisición de destrezas do módulo. A calificación da mesma será como máximo dun sete, sendo necesario obter un cinco sobre dez para obter a valoración positiva do módulo.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Este módulo é de carácter fundamentalmente práctico, polo que se fará un seguimento con maior adicación da evolución dos traballos a entregar por alumnos con dificultades de aprendizaxe por algún trastorno, enfermidade ou minusvalía, e deixaráselle mais tempo para facer os traballos se estes se esforzan en acadar resultados

. Con respecto aos alumnos que necesiten apoio educativo, como é o caso dun alumno que despois de esforzarse non supere algunha avaliación, facilitaráselle actividades de reforzo.

Co propósito de dar unha resposta educativa aos alumnos con altas capacidades intelectuais, se establecerán actividades de ampliación curricular.

O carácter continuo da avaliación permite, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, permite promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas.

Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar os contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

Ante a situación extraordinaria do COVID-19 e tendo en conta a complexidade do alumnado en canto a capacidades diversas, motivación, convivencia familiar e ferramentas telemática o profesorado tratará de adaptar a metodoloxía á diversidade do alumnado, tratando de diminuír a brecha dixital existente entre o alumnado con máis recursos sociais e económicos e aqueles mais desfavorecidos.